

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 19 DE XANEIRO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establecen as condicións e o procedemento para a homologación, pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), de cursos impartidos por outras entidades.
- Decreto polo que se dispón que cese Lucía Molares Pérez como delegada territorial da Xunta en Vigo.
- Decreto polo que se noema a María José Bravo Bosch como delegada territorial da Xunta en Vigo.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se modifica a ordenación urbanística provisional do termo municipal de Sada (A Coruña) establecida polo Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada, previamente modificada polo Decreto 193/2008, do 28 de agosto.
- Decreto polo que se dispón que cese Ethel Vázquez como directora xeral de Infraestruturas.
- Decreto polo que se nomea a Ethel Vázquez como directora da Axencia Galega de Infraestruturas.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar.

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2012.
- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a fusión das sociedades provinciais de Xestión Urbanística do Solo (XESTUR) nunha única entidade pública instrumental.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a memoria de actividades 2011 e avance de programación 2012 da Fundación Illa de San Simón.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a evolución de gasto farmacéutico 2011.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo,

cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

## **A XUNTA APROBA UN DECRETO QUE PERMITIRÁ A HOMOLOGACIÓN POLA AGASP DE CURSOS IMPARTIDOS POR OUTRAS ENTIDADES**

- ***As homologacións destes cursos están dirixidas ao persoal dos servizos da seguridade pública e das emerxencias***

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa reunión semanal o decreto que regulará as condicións e o procedemento para a homologación de cursos externos á Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) realizados por entidades con experiencia e solvencia acreditadas.

O decreto establece as condicións e o procedemento para que a Academia homologue os cursos de formación que impartan outros centros, escolas ou academias, e que vaian dirixidos ao persoal dos servizos da seguridade pública e das emerxencias. O obxectivo é garantir uns requisitos mínimos de contidos, estrutura, duración e calidade nesa formación externa, e a Academia realizará unha función de control.

A Academia só homologará os cursos referentes aos servizos de seguridade pública, potenciando e buscando a súa excelencia.

Establece, así mesmo, o procedemento que se vai seguir para solicitar a homologación, así como a súa tramitación, as posibles variacións ou o contido das memorias que se deben achegar. O procedemento de homologación iniciarase mediante solicitude da entidade que organiza o curso, con dous meses de antelación ao comezo deste.

Ademais, o decreto que hoxe se aproba establece os requisitos que as entidades externas deben cumprir para obter a homologación dos seus cursos, como o contido, a solvencia do persoal docente, a existencia dunha proba final de avaliación e contar cos medios precisos.

### **Requisitos de homologación**

Para que unha actividade formativa sexa homologada pola AGASP, deberá cumprir unhas condicións, como que deberá tratarse de cursos, non de actividades formativas; teñen que ter relación cos servizos de seguridade pública e o seu contido debe estar relacionado coa actividade formativa que desenvolva a Academia; teñen que estar destinados a integrantes dos corpos de policía local, bombeiros, agrupacións de protección civil e demais servizos relacionados coa seguridade e as emerxencias.

Ademais, o persoal docente deberá contar cunha formación acreditada para impartir os contidos especificados no curso, ao final do cal se deberá realizar unha proba ou sistema de avaliación para determinar a aptitude do alumnado, sen que se poidan homologar cursos en que só se valore a asistencia. Os cursos deberán ter unha duración igual ou superior as 20 horas lectivas.

## **MARÍA JOSÉ BRAVO BOSCH, NOVA DELEGADA TERRITORIAL DA XUNTA EN VIGO**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de nomeamento de María José Bravo Bosch como nova delegada territorial da Xunta en Vigo, en substitución de Lucía Molares, que pasa a desempeñar o posto de directora xeral de SEPES, Entidade Estatal do Solo.

Avogada e profesora titular de Dereito Romano na Universidade de Vigo, María José Bravo Bosch ten un amplo currículo docente e de investigación e unha ampla experiencia política, tanto a nivel autonómico como a nivel local.

María José Bravo Bosch é concelleira en Vigo.

Ademais, desempeñou os postos de directora xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude; directora xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; e directora xeral de Voluntariado da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

## **A XUNTA MODIFICA A ORDENACIÓN PROVISIONAL DE SADA PARA AXILIZAR E DAR SEGURIDADE AO URBANISMO MENTRES SE TRAMITA O NOVO PXOM**

- *Esta modificación realízase por instancia do Concello, mediante acordo plenario por unanimidade do 15 de decembro de 2011, e ten por obxecto emendar unha serie de disfuncións detectadas á hora de aplicar a normativa provisional*
- *Os cambios afectan fundamentalmente a xestión urbanística nos núcleos rurais, solo urbano non consolidado, equipamentos e dotacións, vías a ordenación do ámbito portuario*
- *Na actualidade, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada está en fase de informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, que ten de prazo ata finais de febreiro para emitir o dito informe*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o decreto que modifica a ordenación provisional vixente no Concello de Sada, na provincia da Coruña, ata a entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que na actualidade se está a tramitar. A modificación realízase por instancia do Concello de Sada mediante acordo plenario unánime do 15 de decembro de 2011, e ten por obxecto emendar unha serie de disfuncións detectadas á hora de aplicar a normativa provisional. A proposta inclúe as modificacións que os técnicos municipais entenderon imprescindibles de cara a facilitar a xestión do urbanismo, permitindo máis axilidade e maior seguridade xurídica. Esta modificación da ordenación provisional permite axilizar e dar garantías de seguridade ao urbanismo deste concello da provincia da Coruña mentres se tramita o novo plan xeral.

As modificacións presentadas contan co ditame favorable da Comisión Superior de Urbanismo e non comprometen a futura ordenación urbanística do concello, xa que son coherentes coa estratexia, as directrices e os obxectivos xerais do Plan Xeral de Ordenación Municipal actualmente en fase de informe previo á aprobación inicial.

Os cambios afectan fundamentalmente a xestión urbanística nos núcleos rurais, solo urbano non consolidado, equipamentos e dotacións, vías e a ordenación do ámbito portuario.

### **Aliñacións e rasantes**

As aliñacións e rasantes da vía pública serán as establecidas nos planos de ordenación, aliñacións e rasantes das normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación o 10 de xaneiro de 1997, así como as dos instrumentos urbanísticos que se aprobasen en desenvolvemento delas.

Prohíbense as mansardas e outros volumes sobre as vertentes da cuberta, e permítense chemineas e outras instalacións necesarias para o cumprimento da normativa de seguridade e sustentabilidade enerxética. Permítense o aproveitamento baixo cuberta para uso residencial sen alterar as condicións xeométricas do edificio.

### **Solo urbano non consolidado**

Nos ámbitos que non teñan planeamento declarado subsistente pola ordenación urbanística provisional non se permiten novas edificacións e só poderán executarse as obras de construción amparadas en licenza urbanística outorgada con anterioridade ao inicio do expediente de suspensión do planeamento, sempre que sexan conformes co ordenamento xurídico vixente no momento da concesión e que non transcorresen os prazos de caducidade da licenza.

### **Condicións de edificación no solo de núcleo rural**

Para poder edificar neste solo manterase en termos xerais a normativa que se recolle nos artigos 24 ao 29, 104 e 171 da Lei de solo, axustando á realidade dos diferentes ámbitos do concello a superficie da parcela mínima edificable. En calquera caso, só serán edificables as parcelas con fronte á vía pública rodada existente.

Así mesmo, poderán realizarse edificacións auxiliares, tales como hórreos, bodegas, alpendres, pendellos e garaxes. Non se permitirán en fachada e situaranse acaroadas á edificación principal ou aos lindeiros da parcela, neste último caso cunha altura máxima de 3 metros.

En núcleo rural, a tipoloxía edificatoria será de vivenda unifamiliar illada agás que existan medianeiras preexistentes. A altura máxima das vivendas será de planta baixa e unha planta alta, cun máximo de 7 metros. Só se permitirá unha vivenda en cada parcela.

### **Usos de equipamentos e dotacións**

Serán os determinados nos planos de ordenación das normas subsidiarias de 1997 ou dos instrumentos de desenvolvemento declarados subsistentes pola ordenación urbanística provisional. No suposto de non estar determinados, permitiranse os seguintes usos: docente, deportivo, sanitario, asistencial, relixioso, cultural ou administrativo de titularidade pública.

As edificacións de equipamentos e dotacións tamén terán que cumprir unha serie de requisitos como a altura máxima que, no caso de solo de núcleo rural, será dunha planta e un máximo de 7 metros, e en solo urbano de 10 metros, caso en que se permitirán ata dúas plantas altas



En ambos os casos, o volume construtivo proxectado será adecuado ao contorno e á paisaxe en que se implante. En solo rústico serán de aplicación as condicións de uso e edificación establecidas na Lei de solo.

### **Novas vías**

A normativa provisional prohibe a apertura de novas vías, rúas ou camiños, agás que en solo urbano, por razóns xustificadas de interese público e mediante un plan especial de infraestruturas e dotacións, sexa necesario a realización de actuacións deste tipo co fin de resolver problemas de circulación, accesibilidade e funcionalidade. Sempre que se cumpran estas condicións, poden executarse prolongacións e conexións do sistema viario existente.

Permítese a substitución de transformadores e tendidos eléctricos aéreos preexistentes sobre o sistema viario, que se poderán soterrar baixo a rasante do dito sistema.

### **Ámbito portuario**

A ordenación do ámbito portuario realizarase mediante o correspondente Plan especial de ordenación formulado pola autoridade portuaria, segundo o establecido na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e na lexislación de Portos.

Mentres non sexa aprobado o plan especial poderán realizarse as construcións e instalacións relativas aos usos e actividades sinalados na lexislación vixente estatal (Lei de portos do Estado e da mariña mercante), de acordo co plan de utilización dos espazos portuarios, consonte as determinacións das normas de aplicación directa establecidas nos artigos 104 e 105 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **Antecedentes**

Cómpre lembrar que mediante Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, e ao abeiro do artigo 96 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se suspendeu a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada, aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 10 de xaneiro de 1997, e se aprobou a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

Na actualidade, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada está en fase de informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, previo á súa aprobación inicial polo Concello Pleno de Sada. O prazo para a emisión do dito informe é de 2 meses, e remata a finais de febreiro de 2012.

**ENTRA EN FUNCIONAMENTO A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, QUE XESTIONARÁ EN 2012 UN INVESTIMENTO DE 651 MILLÓNS DE EUROS E PERMITIRÁ UN AFORRO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS**

- ***Asume as funcións da Dirección Xeral de Infraestruturas e a tutela funcional da SPI, e concentra nun único centro directivo todas as obras de infraestruturas viarias***
- ***Ethel Vázquez, ata o de agora directora xeral de Infraestruturas, asumirá a dirección da Axencia***
- ***O contrato de xestión da Axencia que aprobou hoxe o Consello da Xunta regulará a súa actividade a través de catro obxectivos estratéxicos e 23 operativos, dos que 9 son prioritarios***
- ***Obterase unha maior eficacia e eficiencia na administración e xestión en materia de infraestruturas en Galicia***

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou o contrato de xestión plurianual que rexerá o funcionamento da Axencia Galega de Infraestruturas durante o período 2012-2013. Este paso permitirá a entrada en funcionamento da Axencia a partir de mañá, día 20 de xaneiro, logo de quedar formalmente constituída o pasado mes de outubro.

A Axencia Galega de Infraestruturas concentrará nun único centro directivo todas as obras de infraestruturas viarias que execute a Xunta de Galicia. Polo tanto, asumirá as funcións que viña desempeñando a Dirección Xeral de Infraestruturas e os seus correspondentes departamentos territoriais, así como a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia. Ademais, a Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense (ACEOUSA) quedou suprimida por absorción por parte da SPI.

A Xunta de Galicia promove a creación da Axencia Galega de Infraestruturas para acadar un novo modelo de xestión de obra pública máis flexible, máis eficaz e máis austero. Así, a Axencia suporá unha reestruturación orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas que permitirá un aforro de máis dun millón de euros por legislatura, en consonancia co principio de austeridade que rexe as actuacións do Goberno galego.

O contrato de xestión aprobado hoxe regula a actividade da Axencia e o marco orzamentario que permitirá levar a cabo as súas actuacións. Ao longo de 2012, no seu primeiro ano de funcionamento, o organismo xestionará un investimento de 651 millóns de euros.

### **Mellora da Administración galega**

Coa entrada en funcionamento da Axencia Galega de Infraestruturas e grazas á fusión por absorción da SPI e ACEOUSA, producirase un aforro en materia de persoal que se estima nun 2% para o ano 2012 en comparación co ano 2011. Ao mesmo tempo demostra a capacidade de xestión do Goberno galego, xa que a Axencia se pon en funcionamento nun ano desde a autorización para a súa creación.

A configuración do ente público será como unha axencia pública autonómica, grazas á cal se acadará:

- Un modelo de xestión que persegue o cumprimento de obxectivos claros, medibles e orientados á mellora na prestación dos servizos, que ten como resultado un mellor aproveitamento dos recursos públicos.
- A integración das actuacións das administracións públicas, que comporta a unha xestión máis eficiente e eficaz.

Por outra banda, con este organismo público autonómico, creado desde setembro de 2011 e constituído en outubro do mesmo ano, acadarase unha mellor organización en materia de infraestruturas, posto que se rexerá polos principios de unidade de xestión, actuación, funcionalidade, eficacia, eficiencia e, sobre todo, porque se baseará na austeridade.

Deste xeito obterase unha maior eficacia e eficiencia na administración e xestión en materia de infraestruturas en Galicia xa que é piar básico desta Axencia acadar os obxectivos claros e concretos que se establecen no contrato de xestión que aprobou o Consello da Xunta.

O contrato de xestión conta cun total de catro obxectivos estratéxicos e 23 operativos, dos que 9 son prioritarios, que se desenvolverán con base nas seguintes liñas de actuación:

- I. En materia de recursos humanos
- II. En materia de planificación, programación e proxectos
- III. En materia de construción, conservación e explotación de estradas
- IV. En materia de seguridade viaria
- V. En materia de avaliación e seguimento para a mellora da xestión da Axencia

Así mesmo, para cada un dos 23 obxectivos operativos está a asociado un indicador, que serve para avaliar os resultados. No contrato de xestión da Axencia establecéronse un total de 29 indicadores de resultados, dos cales 4 son de calidade, 2 de efectividade, 14 de eficacia e 9 de eficiencia ou aforro.

### **Obxectivos estratéxicos**

- Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e defensa das estradas.
- Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.
- Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa comunidade.
- Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia.

### **Obxectivos prioritarios**

- Mellorar o acceso aos sistemas de asentamentos de núcleos de poboación
- Mellorar a comunicación de Galicia co seu contorno
- Garantir as condicións de accesibilidade ás capitais e principais asentamentos de cada un dos 315 municipios galegos
- Planificar as actuacións de acondicionamento e mellora, co obxecto de adecuar as características da vía ás condicións óptimas para cada categoría de solo así como para mellorar a seguridade viaria
- Garantir a conservación da RAEG como medio imprescindible de asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación así como a vialidade invernal
- Realizar as auditorías en materia de seguridade viaria con medios propios
- Actuar en treitos de concentración de accidentes (TCA), co obxecto de reducir o número e a gravidade dos sinistros
- Reducir a perigosidade da RAEG
- Reducir as desviacións orzamentarias positivas no desenvolvemento das infraestruturas

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA APROBA A SÚA ESTRUTURA ORGÁNICA**

- ***Suprímese a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos***
- ***As xefaturas territoriais de Cultura pasan a integrarse dentro das da Consellería de Cultura e Educación***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tras a modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que determinou a creación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Así, refúndense nun único departamento atribucións, facultades, competencias e funcións que ata ese momento viñan exercendo a antigas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, e de Cultura e Turismo. Ademais, suprímese a Dirección Xeral do Libros, Bibliotecas e Arquivos. As xefaturas territoriais de Cultura pasan a integrarse nas da Consellería de Cultura e Educación. Así mesmo, quedan adscritos á Consellería a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Axencia Para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

### **Novas competencias**

Mentres que a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Secretaría Xeral de Universidades, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos manteñen a mesma estrutura, competencias e funcións, outros órganos das extintas consellerías modifícanse.

Deste xeito configúrase, ademais, a Secretaría Xeral de Cultura como novo órgano superior da Xunta de Galicia para o desempeño de funcións en materia de cultura dentro da consellería. Esta secretaría dispón de dous servizos - Servizo Técnico-Xurídico e Servizo de Xestión Administrativa-, e tres subdireccións xerais directamente dependentes do secretario xeral, así como o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). Depende tamén desta secretaría a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, mentres que se suprime a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos.

Así, directamente da Secretaría dependen a Subdirección Xeral de Bibliotecas - encargada dos servizos do Libro e Publicacións, da Biblioteca de Galicia, do Sistema de Bibliotecas e do Rexistro da Propiedade Intelectual de Galicia; a Subdirección Xeral de Arquivos - da que dependen os servizos do Arquivo de Galicia e do Sistema de Arquivos- e a Dirección do Centro Galego de Arte Contemporánea. Pola súa banda a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural estrutúrase na Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural -que se ocupa do planeamento, inventario, protección, fomento, vixilancia e inspección-, e na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de

Bens Culturais -da cal dependerán os servizos de Arquitectura e Etnografía, de Arqueoloxía e de Museos.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO DECRETO QUE REGULA OS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS INFANTÍS**

- ***Esta nova normativa actualiza os prezos públicos deste centros, que non se actualizaban co IPC desde 2002***
- ***A suba media que se aproba no texto sitúase no 19,2 por cento, mentres que o incremento do IPC acumulado neste período de tempo foi do 27 por cento***
- ***As rendas familiares de menos de 1.200 euros –que supoñen o 50 por cento dos usuarios das escolas infantís de titularidade da Xunta- non afrontarán ningún tipo de incremento, xa que se manterán os prezos que xa teñen***
- ***O incremento concéntrase no servizo complementario de comedor***
- ***Trátase, polo tanto, dunha suba progresiva e solidaria, que propón maiores achegas para quen ten máis ingresos***
- ***A Xunta non aplicará o incremento na súa rede ata o próximo curso, no mes de setembro***

O Consello da Xunta deu hoxe a súa aprobación ao novo decreto que regula os prezos das escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos. Deste xeito, esta nova normativa actualiza unhas tarifas que se mantiñan inamovibles desde 2002, e ás cales non se lles tiña aplicado o incremento do IPC durante estes anos, que ascende ao 27 por cento. Con todo, o texto propón un sistema progresivo e solidario; a media do aumento é inferior ao IPC acumulado e sitúase no 19,2 por cento.

O obxectivo deste texto é establecer un sistema que garanta a atención dos que menos recursos teñan, e que prevexa, ao tempo, un maior esforzo para aqueles que contan con máis recursos. Por iso, as rendas familiares de menos de 1.200 euros –que supoñen o 50 por cento dos usuarios das escolas infantís de titularidade da Xunta- non afrontarán ningún tipo de incremento e manterán os prezos que xa teñen; isto é, nin sequera se lles incrementa o IPC acumulado.

A isto hai que sumarlle que se crea un novo tramo de renda que non existía, o da renda familiar superior aos 3.200 euros, que é o que contén a maior suba, e que representa só o 16 por cento dos usuarios.

Ademais, co fin de garantir ao máximo a atención educativa, os incrementos concéntranse no servizo do comedor, que é de carácter voluntario e complementario. De feito, se se ten en conta exclusivamente a suba da atención educativa –e non o comedor- obsérvase que as rendas familiares de ata 1.500 euros non afrontan ningunha suba; e as restantes só o IPC (27% de media). Só habería a excepción das rendas de máis de 3.200 euros, que é o único tramo que ten unha suba maior ao IPC no que se refire á atención educativa.

Deste xeito, o importe da atención educativa variará, segundo as rendas, dos 0 euros ata un máximo de 160 nos tramos máis altos; o servizo complementario de comedor moverase tamén entre os 0 euros e un máximo de 70 euros. Estes prezos reflicten as tarifas medias para unha unidade familiar cun só fillo. Nos casos de familia numerosa, monoparental ou de varios irmáns nun mesmo centro, haberá bonificacións dun 20 por cento.

As tarifas que contén este decreto serán de referencia para aquelas entidades e concellos que opten a subvencións para o mantemento das súas escolas infantís. Pola súa banda, a Xunta non aplicará o incremento na súa rede A Galiña Azul ata o próximo curso, isto é, no mes de setembro.

### **Viabilidade do sistema**

Esta modificación persegue tamén a viabilidade do sistema e continuar aumentando as prazas de escolas infantís. Actualmente, a rede titularidade da Xunta conta cunhas 7.500 prazas públicas, pero o número de prazas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos ascende a máis de 16.300 usuarios. No que vai de lexislatura, créanse máis de 2.100 prazas, e prevese acadar as 4.500 cando remate a lexislatura.

Cabe recordar que, actualmente, os ingresos previstos para asistencia e comedor na escala de renda máis alta non acada nin o 30 por cento do custo real da praza, que se sitúa nos 600 euros aproximadamente.



## **O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO POLO QUE SE FIXA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o decreto polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar. A Xunta reduciu tres órganos de dirección da administración autonómica para crear unha nova estrutura adaptada ás necesidades actuais, tendo en conta os criterios de eficacia, economía e austeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

Así, a nova Consellería do Medio Rural e do Mar estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. A Secretaría Xeral Técnica.
2. Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.
  - 2.1. Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
  - 2.2. Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.
3. Secretaría Xeral do Mar.
  - 3.1. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Quedan adscritos á consellería o organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), o ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), o ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria (IGACAL), o ente público Portos de Galicia e o ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR).

Á fronte da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes estará Tomás Fernández-Couto. O seu departamento exercerá as competencias de ordenación, fomento e mellora da produción forestal e desenvolverá as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais. Ademais, ocuparase da promoción e defensa da calidade dos produtos agroalimentarios galegos e do recoñecemento e vixilancia das denominacións de calidade. Así mesmo, supervisará os proxectos e obras de montes e asumirá as competencias de innovación de industrias agroalimentarias e forestais.

Pola súa banda a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dirixida por Antonio Crespo Iglesias, desenvolverá accións que contribúan á diversificación económica e á modernización do medio rural e coordinará e xestionará o Plan de Desenvolvemento Comarcal. José Álvarez Robledo xestionará a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e o seu departamento encargarse da resolución dos procedementos relativos á xestión da cota láctea, da protección e control da sanidade animal e vexetal e do fomento e mellora da produción agrogandeira.

A Secretaría Xeral do Mar estará a cargo de Juan Maneiro Cadillo. Maneiro dirixirá e coordinará as competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños. Tamén asumirá os labores de promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas e do fomento da súa calidade.

Por último, Susana Rodríguez Carballo seguirá á fronte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Entre as súas competencias destacan o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e o fomento da organización sectorial, así como a organización, dirección e coordinación en materia de extensión pesqueira.

## **A XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO PLAN ANUAL 2012 DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO**

- *Recolle actuacións por un importe de 6,6 millóns de euros e segue a dar cumprimento aos compromisos previstos no II Plan director*
- *Amosa o compromiso do Goberno galego coa solidariedade internacional, en especial coas poboacións que dependen da cooperación para a súa subsistencia*
- *O Plan recibiu o informe favorable do Consello Galego de Cooperación, ao que lle foi presentado o pasado mes de decembro*

A Xunta deu hoxe o visto e prace ao Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2012, que se presentou hoxe ao Consello da Xunta, e que pretende mellorar a eficacia da axuda oficial para o desenvolvemento, a través da concentración xeográfica dela, dunha maior coordinación dos actores e dunha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa comunidade autónoma. O Plan recibiu o informe favorable do Consello Galego de Cooperación, ao cal lle foi presentado o pasado mes de decembro.

O Plan anual 2012 da Cooperación Galega recolle actuacións previstas polo Xunta no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, que para 2012 supoñen un total de 6.603.683 euros, e segue a dar cumprimento aos compromisos previstos no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013. Recolle o conxunto de actuacións que a Xunta pretende levar a cabo no eido da cooperación exterior, nun ano especial marcado por unha situación complicada en termos de contexto e conxuntura económica tanto a nivel nacional como internacional.

### **Ámbitos de actuación**

O Plan anual 2012 estrutúrase en tres ámbitos estratéxicos de actuación, a contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e promovendo o desenvolvemento nos países do Sur; a mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París; e a promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do Sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento.

No primeiro ámbito de actuación inclúense as accións que se levarán a cabo nos países en desenvolvemento destinatarios da axuda a través dos proxectos e programas de desenvolvemento e acción humanitaria, mediante convocatorias públicas de axudas, e asinamento de convenios de colaboración, por un importe total de case cinco millóns de euros. Abrangue as convocatorias de subvencións para os proxectos de cooperación no exterior promovidos polas ONGD e por outros axentes de cooperación, para microproxectos de cooperación no exterior promovidos por ONGD, para proxectos de

acción humanitaria, para programas de cooperación no exterior e que executarán as ONGD, e para convenios de cofinanciamento para actuacións no exterior.

No marco do segundo ámbito estratéxico de actuación recóllense as propostas destinadas a mellorar a calidade e a eficacia da política galega de cooperación, contribuíndo a crear as condicións para que a cooperación despregue o maior potencial transformador posible nos países en desenvolvemento, tales como avaliacións de proxectos, modificacións normativas, realización de estudos e informes, elaboración de publicacións, etc. A este ámbito de actuacións destinarase un total de 364.000 euros.

Por último, na epígrafe relativa ao terceiro ámbito estratéxico de actuación, recóllense as accións que se levarán a cabo co obxectivo de afianzar e reforzar a base social que sustenta a política de cooperación, e a implicación activa da cidadanía nas accións, cunha dotación total de 885.718 euros. Para acadar os obxectivos deste terceiro ámbito, levaranse a cabo convocatorias de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento, proxectos de fortalecemento e consolidación de ONGD, convenios de cofinanciamento para actuacións de sensibilización e de formación, e bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento.

Ase mesmo, continuaranse as actuacións conxuntas coa Consellería do Medio Rural e do Mar, a través do CETMAR, en Centroamérica, Perú ou Mozambique, en materia de pesca e acuicultura, que son ámbitos en que a Comunidade Autónoma galega dispón dunha grande experiencia para poder pór á disposición destes países.

## **II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013**

O II Plan foi aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia, tras recibir o visto e prace dos tres órganos de coordinación da cooperación galega e a aprobación do Consello da Xunta. O Plan aposta polos principios de calidade e eficacia da axuda, establecidos nas distintas declaracións internacionais subscritas pola maior parte dos estados.

Ademais, a Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento, prevé, en canto a planificación da cooperación, que a cooperación galega para o desenvolvemento se articulará a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

## **A XUNTA FUSIONARÁ AS CATRO XESTUR PROVINCIAIS NUNHA ÚNICA SOCIEDADE DE ÁMBITO AUTONÓMICO PARA RACIONALIZAR O SEU FUNCIONAMENTO E AFORRAR 4 MILLÓNS DE EUROS POR LEXISLATURA**

- *A fusión suporá mellorar a coordinación dos programas de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais que se encontra en tramitación.*
- *Haberá un só órgano de administración do cal dependerán os departamentos básicos, en lugar dos catro actuais*
- *Os 40 membros dos catro consellos de administración actuais pasarán a 10, cunha redución do 75%*

A Xunta de Galicia converterá as catro sociedades públicas Xestur A Coruña, Xestur Lugo, Xestur Ourense e Xestur Pontevedra nunha única sociedade, Xestur Galicia, co obxectivo de conseguir unha xestión do solo empresarial mais eficiente así como unha racionalización do gasto que permitirá o aforro dun millón de euros anuais ás arcas públicas.

O Consello da Xunta foi informado hoxe da decisión de fusionar as catro entidades, o que permitirá mellorar a coordinación dos programas de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais que se encontra en tramitación.

A fusión suporá unha redución da estrutura organizativa que existe na actualidade. Así, haberá un só órgano de administración do cal dependerán os departamentos básicos, en lugar dos catro actuais, ao tempo que se manterá unha mínima infraestrutura en cada unha das provincias para o seguimento dos proxectos desde o ámbito territorial.

A xestión da sociedade encomendarase a un consello de administración integrado por dez vogais. Isto permitirá pasar dos 40 membros dos catro consellos de administración existentes na actualidade a 10, cunha redución do 75%..

As catro estruturas actuais deberán adaptarse á nova estrutura organizativa da sociedade, facendo unha asignación máis eficaz das tarefas que se van realizar e compartindo os recursos que agora están dispersos nas catro sociedades, de tal xeito que se permita rebaixar sensiblemente os gastos correntes.

A simplificación das estruturas societaria, organizativa e de xestión comportará un importante aforro de custos que se adecua perfectamente coa política de austeridade orzamentaria e de racionalización do gasto da Administración galega. De forma global, estímase que a fusión das catro Xestur actuais nunha única empresa suporá un aforro económico de arredor dun millón de euros ao ano, ao tempo que a sociedade gañará eficacia no seu traballo.

A decisión de fusionar as entidades de xestión tamén vén motivada en boa parte polas previsións de evolución do mercado inmobiliario e financeiro, que non apuntan a unha mellora a curto ou medio prazo, o que está a provocar serias dificultades para vender solo empresarial e, polo tanto, para a recuperación inmediata dos investimentos realizados.

Mediante a fusión, a sociedade conseguirá unha situación de maior solvencia financeira ao consolidarse os balances das catro Xestur actuais nun só, do que resultaría unha situación patrimonial maior que a que ten cada sociedade actualmente por separado, sen que se vexa afectado negativamente de forma significativa ningún dos balances individuais.

### **Antecedentes**

A situación das Xestur nesta lexislatura vén lastrada pola política levada a cabo durante os anos de goberno bipartito, que as utilizaron como unha vía de financiamento do IGVS, obrigándolles a adquirir actuacións que eran propias do Instituto nunhas condicións económicas moi complicadas e obrigándoas a endebedarse sen posibilidades de recuperar eses investimentos a curto prazo, como quedou demostrado con actuacións como os solos residenciais de Valdecorvos (Pontevedra), Garabolos (Lugo) ou o Parque Ofimático da Coruña.

Doutra parte, entre 2006 e 2008 o IGVS realizou encomendas de xestión, fundamentalmente na provincia de Ourense, para a adquisición de terreos e execución de obras de urbanización con pagamento en especie, de maneira que as Xestur financiaban a compra e urbanización de solo para o IGVS e despois cobraban en solo urbanizado, difícil de vender dada a situación económica actual, co cal a recuperación do investimento realizado se apraza indefinidamente.

Non obstante, a viabilidade económica da nova sociedade está apoiada por activos por valor de máis de 329 millóns de euros. Deses activos, máis de 301 millóns de euros corresponden a existencias (solo sen urbanizar, solo urbanizado de uso empresarial ou residencial, etc.).

En definitiva, a fusión busca garantir o futuro dunha estrutura que xa demostrou a súa eficacia, pero adaptándoa á situación actual, mellorando o seu funcionamento e garantindo un emprego máis eficaz dos seus recursos.

## **A ILLA DE SAN SIMÓN ORGANIZOU AO LONGO DE 2011 UNHA COMPLETA PROGRAMACIÓN CULTURAL QUE CHEGOU A MÁIS DE 40 PAÍSES E A 3 MILLÓNS DE SEGUIDORES NAS REDES SOCIAIS**

- ***#NeThinking, Neuromagic 2011, Por unha xeopolítica Europea, INDCREA e Históricos do rock axudan a consolidar a Illa do Pensamento como foco cultural de prestixio***
- ***Máis de 10.000 persoas visitaron ou participaron nalgunha das propostas culturais ou de lecer da illa o pasado ano***
- ***Os eventos de carácter nacional e internacional desenvolvidos neste enclave en 2011 reuniron máis de 4.000 participantes***
- ***A Illa de San Simón consolídase como foco de actividade cultural de prestixio e centro de apoio ás industriais culturais***

A programación desenvolvida ao longo de 2011 na Illa de San Simón – Illa do Pensamento- chegou no ano 2011 a máis de 40 países e preto de 3 millóns de seguidores de redes sociais, en boa medida a través do impulso dos participantes nos eventos desenvolvidos neste enclave, figuras de influencia nos eidos académico, científico, social e cultural.

Segundo o informe de balance da Fundación Illa de San Simón en 2011, máis de 4.000 persoas participaron nos eventos e foros organizados o pasado ano neste enclave e que, en moitos casos, puideron seguirse internacionalmente a través da rede. Desta forma os eventos celebrados foron seguidos a través da redes sociais e da canle de TV na internet ‘San Simon tv’ nunha media de 40 países. A repercusión en redes sociais foi ampla, con preto de 3 millóns de seguidores dos distintos *hashtag* dos eventos celebrados.

No tocante á difusión en medios de comunicación tradicionais e dixitais, acadouse unha masiva cobertura en medios autonómicos, notable en medios nacionais e unha cobertura estratéxica en medios especializados. Así, o informe calcula unha difusión total en medios impresos e dixitais que ascende a máis de 31 millóns de impactos. Neste sentido cómpre destacar a cobertura realizada sobre algúns dos eventos e sobre o proxecto da Illa do Pensamento en diversos medios de comunicación de Cuba, Brasil, Arxentina, Italia, México, Chile ou Perú.

A proxección internacional e o seguimento mediático consolidan o proxecto da illa de San Simón como Illa do Pensamento, que camiña cara á converxencia nun arquipélago virtual de illas culturais a través das novas tecnoloxías. A isto contribúen, ademais, a colaboración internacional e interinstitucional, que se sustenta nos máis de 50 convenios subscritos con organismos e entidades de España, Francia, EEUU, Portugal, Brasil, Arxentina, Chile, Perú, Colombia, México, República Dominicana e Costa Rica, entre outros.

### **Difusión web**

Pola súa banda, a páxina web da Fundación Illa de San Simón, posta en marcha en 2010, acadou unha grande actividade en 2011, con *microsites* dedicados a cada un dos eventos celebrados no marco do proxecto Illa do Pensamento, así como actualizacións continuas na sección de novas e a inclusión de contidos multimedia. En concreto, entre o 28 de novembro de 2010 ata a mesma data de 2011 a web recibiu un total de 24.286 visitas, das cales o 71,49% corresponde a novos usuarios.

O número de páxinas vistas dentro do portal ascendeu a 106.785, é dicir, 4,4 páxinas por visita, e o promedio de tempo a 2,47 minutos, o cal confirma o interese que suscita a illa. Os países de procedencia das persoas que accederon á información da illa e das súas actividades a través da internet son, por detrás de España, Arxentina, México, Estados Unidos, Colombia, Portugal, Reino Unido, Francia, Brasil e Chile.

### **Foco de actividade cultural**

O 2011 supuxo a consolidación da Illa de San Simón como foco de actividade cultural de prestixio e centro de apoio ás industrias culturais. Deste xeito, a illa acolleu numerosos foros, encontros e eventos de carácter nacional e internacional, ao abeiro do proxecto 'Illa do Pensamento', e do convenio asinado coa Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). Ademais, continuouse coa programación de actividades de relación co contorno, dedicadas a eventos de tipo náutico, encontros sobre nova arquitectura e enxeñaría portuaria, e diferentes campañas de verán dirixidas ás nenas e aos nenos.

Doutra banda, 6.000 persoas achegáronse á illa no marco do programa de visitas de verán ao arquipélago. Deste xeito, e unindo os 4.000 participantes nas actividades, algo máis de 10.000 persoas pasaron o pasado ano por San Simón para gozar dalgunha das opcións da programación cultural, formativa ou de lecer.

### **Proxecto Illa do Pensamento**

O obxectivo fundamental do proxecto Illa do Pensamento é facer da Illa de San Simón un foco de actividade cultural de prestixio, con capacidade para atraer artistas, persoeiros e institucións con relevancia internacional, que permitan espallar a cultura de Galicia. Trátase dun enclave idóneo para desenvolver actividades de toda índole onde se suman novos equipamentos, infraestruturas e espazos naturais que inclúen zonas expositivas, residenciais e lúdicas.

No marco deste proxecto, celebráronse ao longo de 2011 un total de once foros e encontros de carácter nacional e internacional, centrados en sectores ou campos do coñecemento como a neurociencia, a comunicación social, as novas tecnoloxías, a educación, as ciencias políticas, as artes plásticas ou as industrias culturais e creativas.



Entre o 30 e o 31 de marzo celebrouse o encontro *#NeThinking 2011: Como comunicamos?*, que reuniu na Illa do Pensamento un grupo formado por destacados comunicadores e expertos en redes sociais. Entre os participantes neste foro, coordinado polo xornalista Nacho de la Fuente, figuraron comunicadores como Eva Hache, cineastas como Nacho Vigalondo, músicos como Julián Hernández ou recoñecidos e activos blogueiros como José Jiménez Moltó (Kurioso) e Javier Pedreira (Wicho).

A illa acolleu tamén o 6 de abril o *Fórum Ciceron*, co obxectivo de poñer en relación os talentos universitarios de Galicia coas empresas, un evento no cal participaron 32 dos alumnos cos mellores expedientes das universidades galegas. Nese mesmo mes tivo lugar o encontro *Por unha xeopolítica Europea*, que contou coa participación de expertos de España e Francia que constitúe o xerme da denominada Rede europea de reflexión xeopolítica, que desde o mes de abril ten como sede a Illa de San Simón.

Xa en maio, a Illa do Pensamento acolleu o encontro *Neuromagic 2011: Os enganos da mente*, que converteu o arquipélago en sede dun cumio de maxia e neurociencia. A maiores do amplo seguimento en medios de comunicación, ao abeiro da celebración do encontro, formalizáronse dez acordos de colaboración internacional entre os participantes co fin de establecer novas liñas de traballo na área da utilización da maxia para o estudo do cerebro.

A Illa do Pensamento tamén foi o escenario en 2011 da décima edición das *Xornadas Mágicas do Pensamento*, organizado pola Asociación de Magos Profesionais de Galicia, ou do primeiro *Simposio Internacional de Protocolo Institucional e Corporativo*. Xa no verán, a illa acolleu o encontro *Testemuñas do Futuro*, que reuniu a un grupo formado por algúns dos divulgadores científicos máis relevantes do panorama español; a segunda edición do *Foro Internacional de Comunicación Social* e o primeiro *Encontro Científico Bilateral España-Brasil*.

Outro evento relevante na Illa do Pensamento foi a posta en marcha do proxecto *INDCREA*, unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega e que serviu para abrir novos espazos de reflexión e investigación sobre os escenarios de futuro das industrias culturais e creativas de Galicia como sector estratéxico de cara á segunda década do século XXI. Supuxo, ademais, o punto de partida para a creación do Laboratorio Permanente para as Industrias Culturais, co fin de analizar o desenvolvemento do sector a través da investigación, a formación e a posta en común dos diferentes axentes que forman parte desta industria.

En outubro, a Illa do Pensamento acolleu a celebración da primeira edición do ciclo *Fotopensamento*, deseñado co obxectivo de ofrecer talleres e máster class sobre as últimas tendencias en fotografía. O evento, coordinado polo fotógrafo galego Xurxo

Lobato, tivo como protagonista o recoñecido artista visual Joan Fontcuberta, que impartiu o obradoiro *Documento e identidade na fotografía 2.0*.

### **Centro de apoio ás industrias culturais**

No que respecta ás actividades organizadas en San Simón como centro de apoio ás industrias culturais, en virtude do convenio asinado coa Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais), a illa acolleu durante o ano 2011 numerosos eventos co obxectivo de promocionar os diferentes sectores da industria cultural e creativa galega, desde as artes escénicas ata musicais ou xéneros emerxentes. Neste marco, a illa acolleu a celebración do acto *Na senda de Creativa*, co que se culminou o programa transfronteirizo *Creativa 2009-2011*. Este programa foi impulsado pola Axencia Galega das Industriais Culturais (Agadic) e pola Dirección Rexional de Cultura do Norte, do Ministerio de Cultura de Portugal, dentro do Programa europeo de cooperación transfronteiriza España-Portugal.

San Simón tamén foi escenario en 2011 da entrega dos Premios Xerais, do Foro Galeuscat, que reuniu 25 profesionais entre o 8 e o 10 de xullo, e do *Proxecto European Acoustic Heritage*. Neste ano, tamén se celebrou no arquipélago o curso de produción musical *Históricos do rock*, que levantou grande expectación, ao ser impartido por recoñecidos artistas do sector tales como Tony platt, Phill Brown e Gil Norton, responsables da produción de son de bandas como AC/CD, Bob Marley, The Who ou Leonard Cohen, entre outros.

Así mesmo, a illa acolleu o pasado ano diferentes máster class e residencias de artistas como Duncan Chrisholm e Sebastián Rubio, ou Xosé Manuel Budiño. Ademais, San Simón foi o escenario escollido pola banda galega Siniestro Total para o lanzamento do seu último proxecto, *Land of Opportunity*; e polo músico vigués Eladio Santos para filmar o primeiro clip promocional do seu último traballo coa banda Eladio e Os Seres Queridos. Ademais, no seu papel como centro de apoio ás industrias culturais, a illa acolleu actividades e concertos de festivais como Vigo Transforma, Sinsal ou Espazos Sonoros.

## **SANIDADE CUMPRE O OBXECTIVO PREVISTO PARA O 2011 E AFORRA MÁIS DE 100 MILLÓNS DE EUROS CO CATÁLOGO PRIORIZADO DE MEDICAMENTOS**

A factura farmacéutica de Galicia foi de 102 millóns de euros menos no ano 2011 sobre o 2010, o que supón unha diminución do gasto farmacéutico do 11%. Deste xeito, a Consellería de Sanidade cumpre co obxectivo previsto de aforrar en 2011 máis de 100 millóns de euros grazas ao Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos e á implantación de medidas de boas prácticas de prescrición e bo uso do medicamento na Comunidade Autónoma, así como á colaboración e implicación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Así se recolle nun informe presentado hoxe aos membros do Consello da Xunta pola responsable da carteira sanitaria, Rocío Mosquera Álvarez, quen destacou tamén a evolución da prescrición de envases xenéricos na Comunidade, xa que mentres que en decembro de 2010, a porcentaxe de prescrición destes fármacos se situaba no 19,10%, no mes de novembro de 2011 superou o 34%.

Continúa, polo tanto, o incremento na porcentaxe de prescrición de medicamentos xenéricos, que en xaneiro de 2011, tras a entrada en vigor do Catálogo priorizado, aumentou ata o 27,34%, situándose Galicia nunha posición intermedia respecto ás outras comunidades autónomas. Cómpre lembrar que, en abril do 2009, Galicia se situaba á cola de España na prescrición de xenéricos que apenas representaba o 10% do total.

### **Gasto por receita**

En canto ao gasto medio por receita, por segunda vez consecutiva (xa ocorrira no mes de novembro de 2011) é inferior a 12 euros, xa que pasou de 13,40 euros no mes de decembro de 2010 a 11,94 euros no mes de decembro de 2011, no cal, por primeira vez, diminuíu tamén o número de receitas nun 3,12% respecto a decembro de 2010.

A diminución do gasto medio por receita para o período comprendido entre xaneiro e novembro de 2011 -respecto ao mesmo período do ano anterior- é dun 12,61%. Galicia e Baleares son as comunidades que máis diminuíron o seu gasto medio por receita neste período.

## **PRETO DE 3.000 AUTÓNOMOS PODERÁN BENEFICIARSE DA ORDE DE AXUDAS A ESTE COLECTIVO QUE CONTARÁ CON 23,7 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria destas subvencións que se publicará mañá no DOG e que conta cun millón máis de orzamento que en 2011***
- ***A orde inclúe subvencións, de ata 6.000 euros, pola primeira contratación indefinida***
- ***Ademais financia cursos de formación, establecemento como traballador autónomo ou por conta propia, entre outras medidas***
- ***Estas axudas enmárcanse na liña de traballo de apoio a emprendedores e autónomos que este ano terá un investimento de preto de 28 millóns de euros***

A Consellería de Traballo e Benestar porá á disposición de autónomos unha liña de financiamento que contará con preto de 24 millóns de euros, o que significa un incremento dun millón de euros con respecto ao pasado ano. Así está reflectido na orde aprobada hoxe polo Consello da Xunta e que será publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Estas axudas enmárcanse na liña de traballo de apoio a emprendedores e autónomos que está a desenvolver o Goberno galego ao longo desta lexislatura e que este ano terá un investimento de preto de 28 millóns de euros.

A finalidade do programa específico para autónomos, do cal se poderán beneficiar ata 3.000 persoas deste colectivo, é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto laboral ás persoas desempregadas, así como apoiar desde a Xunta a consolidación dos seus plans empresariais fomentando a creación de emprego mediante a contratación indefinida da súa primeira persoa traballadora desempregada.

Ademais de subvencionar a primeira contratación indefinida, esta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar inclúe unha subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia co fin de facilitarlles durante o inicio da actividade uns ingresos mínimos; unha axuda financeira de redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como autónomo e unha subvención para asistencia técnica co obxecto de apoiar os custos dos servizos externos necesarios para mellorar o desenvolvemento da actividade empresarial.

O programa tamén conta con subvencións para a formación, para financiar os custos de cursos, e unha axuda excepcional para o financiamento dos primeiros gastos da actividade realizados nos 3 meses anteriores e nos 6 meses seguintes ao inicio da actividade en concepto de compra de mercadorías, materias primas e outros gastos de constitución.

### **A contía das axudas**

Este programa concede axudas a fondo perdido aos desempregados polo feito de constituírse en traballadores autónomos, que oscilan entre os 5.000 euros, no caso de desempregados en xeral, e os 10.000 euros no caso de mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Esta axuda pódese ver incrementada ata 6.000 euros no caso de que, ademais, se leve a cabo a contratación do primeiro traballador. Ademais, estes dous tipos de subvencións son compatibles coas outras que recolle este programa para autónomos.

O prazo xeral para a presentación de solicitudes das distintas axudas será dun mes desde a data da solicitude de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional. Entrarán as persoas que cumprindo cos requisitos e condicións establecidas na convocatoria de axudas, formalicen a dita alta entre o 1 de outubro de 2011 e o 30 de setembro de 2012, ambas as datas inclusive.

### **Emprendemento**

Esta iniciativa do Goberno galego enmárcase, ademais, na promoción que a Administración autonómica está a facer coas persoas emprendedoras. Así, o orzamento destinado en 2012 ao traballo autónomo e ao emprendemento ascenderá a preto de 28 millóns de euros.

Neste sentido, é preciso destacar que a Consellería de Traballo e Benestar investiu máis de 92 millóns de euros para apoiar máis de 12.000 autónomos e emprendedores desde o inicio da lexislatura.

En definitiva, todas estas liñas supoñen un apoio á aposta do Goberno galego pola creación de emprego nun sector, o autónomo e emprendedor, que está chamado a ser unha peza básica para a saída da crise.